

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 7 DE FEBREIRO DE 2014.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as once horas e trinta minutos do día sete de febreiro do ano dous mil catorce, tivo lugar, en segunda convocatoria por non haber quorum na primeira, a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D. Miguel A. Español Otero
- D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez
- D^a. Teresa Vicente Baz
- D. Manuel Javier Crespo González
- D. Antonio Lomba Baz

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.- Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- ACORDOS

Dase conta da proposta da Concellalía de Deportes para a actividade "ANDAINAS 2014" onde se determinan os seguintes prezos para participar nelas:

PRIMEIRA QUENDA			Adulto	Neno
1 ^a	15 marzo	De Áncora a Sanxián: o camiño da costa na Foz do Miño	7	4
2 ^a	5 abril	Pozas de Melón - Termas de Prexegueiro	10	6
3 ^a	10 maio	Visita guiada ao arquipélago das Cíes	26	17
4 ^a	7 xuño	Ruta do Ouro e do Camiño Real (Quiroga)	12	7
PRIMEIRO INGRESO ATA 28 DE FEBREIRO			55	34

SEGUNDA QUENDA			Adulto	Neno
6ª	13 Setem	Costa da Vela (Hío)	10	6
7ª	11 Outub	Ruta do Trilho Castrejo. Castro Labreiro (Melgaço)	11	6
8ª	15 Novem	Carboeiro - Fervenza da Toxa (Silleda)	11	6
SEGUNDO INGRESO ATA 5 DE SETEMBRO			32	18

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cotas e dar traslado ao Departamento de Tesoureiría.

Dáse conta das cotas que deben pagar os usuarios do servizo de Axuda a domicilio correspondentes o mes de XANEIRO de 2014 cuio importe total ascende a cantidade de 842,40 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cotas e dar traslado á tesourería.

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de XANEIRO DE 2014 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

Lese o escrito RE 535 de data 3 de febreiro de 2014, presentado por D. JOSE ANGEL RODRIGUEZ GONZÁLEZ, con enderezo na rúa 1ª Transv. Aloqueiro, nº 41 da Guarda, solicitando a revisión do contador de consumo de auga municipal da súa vivenda por lectura excesiva no cuarto trimestre de 2013.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda dar traslado á xestión tributaria para que anule o recibo anterior e emita un novo para o 4º trimestre de 2013 pola media ponderada de consumo.

Lese o escrito RE 425 de data 28 de xaneiro de 2014, presentado por Dª. ALICIA MARTINEZ LOMBA, actuando en representación de D. BENITO BAZ ALONSO, con enderezo na rúa Fernandez Albor, nº 3-2º da Guarda, solicitando a revisión do contador de consumo de auga municipal do obxecto tributario Fernandez Albor, nº 3-baixo por lectura excesiva no 3º e 4º trimestre de 2013.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda dar traslado á xestión tributaria para que anule os recibos anteriores e emita uns novos para o 3º e 4º trimestre de 2013 pola media ponderada de consumo.

Lese o escrito RE 6.691 de data 11 de decembro de 2014, presentado por DNA. PILAR CASTRO RODRIGUEZ, actuando en representación de Dna. ANA Mª MARTINEZ CASTRO, con enderezo na rúa Malteses, nº 13-1º da Guarda, solicitando a revisión do contador de consumo de auga municipal do obxecto tributario sito na rúa Ireira, nº 3-2º Esq. por lectura errónea no 3º trimestre de 2012.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda dar traslado á xestión tributaria para que anule o recibo anterior e emita un novo para o 3º trimestre de 2012 pola media ponderada de consumo.

Dase conta das Bases Reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o exercizo 2014 publicadas pola Deputación Provincial de Pontevedra no Boletín Oficial da Provincia de data 4 de febreiro de 2014.

A Xunta de Goberno Local, vistas estas Bases, adopta o seguinte ACORDO:

1. Que coñece e acepta as bases da convocatoria e os compromisos que nela se inclúen.
2. Adherirse ó Plan de servizos sociais comunitarios municipais da Deputación de Pontevedra para o 2014, de acordo coas bases establecidas na convocatoria.
3. Aceptar o compromiso de realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do Plan e completar coa súa achega económica os módulos obxecto de financiamento.
4. Aceptar o compromiso de publicitar a achega provincial e de facer constar sempre o financiamento da Deputación en todas as comunicacións coa que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou por internet. Comprométese a situar nun lugar visible do propio centro de Servizos Sociais Comunitarios Municipais un cartel informativo que faga constar o cofinanciamento da Deputación e a proporcionarlle ó persoal contratado para o servizo de axuda no fogar (sexa persoal propio ou por contratación de empresa) as tarxetas identificativas do servizo subvencionado.
5. Facultar expresamente o alcalde ou representante da entidade local para todo o relacionado coa tramitación e xestión deste acordo e do expediente correspondente.

Dase conta do escrito RE 621 de data 6 de febreiro de 2014, presentado por DNA. GEMA M^a GONZÁLEZ CRUCES, con enderezo a efectos de notificación na rúa Ramón Sobrino, nº 8-baixo da Guarda, solicitando o arranxo da beirarrúa diante do establecemento La Farola para evitar a entrada de augas pluviais no citado local.

A Xunta de Goberno Local acorda darlle traslado deste ó Concelleiro de Vías e Obras para que xire visita.

Lese o escrito RE 582 de data 4 de febreiro de 2014, presentado por D. DANIEL PORTELA MACUA, con enderezo na rúa Diego Antonio González, nº 16 da Guarda, solicitando autorización para o peche da vía pública nas inmediacións da Atalaia para levar a cabo unha proba de cachiza o vindeiro 29 de marzo.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado e dar traslado deste acordo á Policía Local.

Dase conta do escrito RE 630 de data 6 de febreiro de 2014, remitido por CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA – DIRECCIÓN XERAL DE ENERXIA E MINAS, no que informan da conveniencia de esixir aos feirantes ou responsables de actividades que requiran instalación eléctrica o correspondente certificado da empresa instaladora de baixa tensión habilitada.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada e acorda dar traslado deste escrito ás comisións de festas.

Lese o escrito RE 643 de data 6 de febreiro de 2014, presentado por D. FRANCISCO BUERGO GOMEZ, en calidade de Presidente de ASOCIACIÓN UNIÓN DE MINUSVÁLIDOS DE ASTURIAS, con domicilio a efectos de notificacións na rúa Piles, nº 15 de Xixón, solicitando autorización para a venda a pé de axendas con horóscopo pola rúa durante o 2014.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que a venda ambulante no Concello da Guarda está regulada na ordenanza correspondente, debendo seguir o procedemento establecido nela para o seu exercizo.

Dase conta do escrito RE 520 de 31 de xaneiro de 2014, presentado por DNA. FLORA ISABEL GOYÁS FERNANDEZ, con enderezo na rúa Galicia, nº 8 da Guarda, xunto co que entrega certificado de fin de obra relativo á reparación e desmonte do aleiro e cornixa nunha lonxitude de 80 m. lineais na edificación sita na rúa Galicia, nº 8.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

PUNTO 2.- OBRAS MAIORES

EXPEDIENTE NÚMERO: 5.621/2013.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 16-10-2013 (R.E. nº. 5.621), por **D^a. MARÍA DEL CARMEN GONZÁLEZ CARABELOS** con D.N.I. nº. 76.999.332-R e con domicilio na rúa de Chavella nº. 28 de Santa María de Oia-C.P. 36794, para "ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA RESTAURANTE 1 TENEDOR" sito na rúa de Donantes de Sangre nº. 26-baixo, en Solo Urbano (Ordenanza Nº. 3 do P.X.O.U.) segundo proxecto técnico suscrito polo Arquitecto Técnico D. Antonio Del Amo Fontán.

PRIMEIRO.- Visto o informe técnico suscrito polo arquitecto técnico municipal de data 03-12-2013, considérase **favorable** ó outorgamento da licencia de obras e actividade.

SEGUNDO.- Visto o informe xurídico de data 04-12-2013, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental, ningún inconveniente para a súa concesión, polo que se informa **favorablemente**. En canto as cuestións técnicas contidas no Proxecto, dicir que no procedemento instado para o outorgamento desta licencia os servicios técnicos informarán preceptivamente, remitíndome ó especificado no mesmo no que concirne a estes aspectos, e sen que a emisión do presente informe implique conformidade ou disconformidade cos aspectos técnicos, por non ser ámbito de competencia desta asesoría xurídica. De acordo co disposto no artigo 5.1 do Decreto 292/04, de 18 de novembro segundo o cal ".-Contenido de las licencia y autorizaciones. 1. En las autorizaciones y licencias de los establecimientos públicos sometidos a la normativa de espectáculos y actividades recreativas, así como en los supuestos de sus modificaciones y adaptaciones, se hará constar, además de los datos de su titular y de la denominación establecida en el catálogo para la actividad que corresponda, el periodo de vigencia de la autorización o licencia y el aforo de personas permitido", procede que se hagan constar tales extremos en la licencia, debendo aclarar que a denominación no catálogo da actividade é restaurante co número identificativo 2.7.1, que o período de vixencia e con carácter permanente e o aforo, se fagá constar o máximo permitido segundo a autorización de Presidencia que é de 68 persoas como máximo. Procede posteriormente notificar a licencia ademais da interesada á Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local en Sesión Extraordinaria celebrada o día 7 de febreiro de 2014 **RESOLVE:**

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D^a. MARÍA DEL CARMEN GONZÁLEZ CARABELOS**, licenza para "ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA RESTAURANTE 1 TENEDOR" sito na rúa

de Donantes de Sangre nº. 26-baixo, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momeno de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un periodo superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

EXPEDIENTE NÚMERO: 2.067/2013.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 23-04-2013 (R.E. nº. 2.067), por **D. RUBÉN OTERO COSTA** con D.N.I. nº. 15.491.814-A e con domicilio na rúa de Castiñeira nº. 15 de A Guarda-C.P. 36789, para "ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA TALLER DE MOTOCICLETAS" sito na rúa de Carretera de O Castro nº. 76-baixo, en Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural de "O Castro" da Parroquia de Salcidos (Ordenanza Nº. 9-B [Área de Tolerancia] do P.X.O.U.) segundo proxecto técnico suscrito polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. David Portela Andura (Visado C.O.I.T.I.: 21300752 de data 22-04-2013).

PRIMEIRO.- Visto o informe técnico suscrito polo arquitecto técnico municipal de data 11-10-2013, considérase **favorable** ó outorgamento da licenza de obras e actividade.

SEGUNDO.- Visto o informe xurídico de data 23-10-2013, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental, ningún inconveniente para a súa concesión, polo que se informa **favorablemente** debéndose conceder simultaneamente a licenza de obras e actividade debendo o titular darse de alta como pequeno produtor de residuos perigosos e ser retirados por xestor autorizado. En canto as cuestións técnicas contidas no Proxecto, dicir que no procedemento instado para o outorgamento desta licenza os servicios técnicos informarán preceptivamente, remitíndome ó especificado no mesmo no que concirne a estes aspectos, e sen que a emisión do presente informe implique conformidade ou disconformidade cos aspectos técnicos, por non ser ámbito de competencia desta asesoría xurídica.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local en Sesión Extraordinaria celebrada o día 7 de febreiro de 2014 **RESOLVE:**

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D. RUBÉN OTERO COSTA**, licenza para "ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA TALLER DE MOTOCICLETAS" sito na rúa de Carretera de O Castro nº. 76-baixo, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico e doutras administracións emitidos no expediente.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destinala construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

PUNTO 3.- PROXECTO DE EXECUCIÓN

Lese o escrito RE 395 de data 24 de xaneiro de 2014, presentado por D. VICTOR SIMOES RODRIGUEZ, con enderezo na rúa 2ª Transv. Pintán, nº 26 da Guarda, solicitando a aprobación do proxecto de execución da construción de vivenda unifamiliar na rúa 2ª Transv. Pintán, nº 26 visado o 17.12.13 que conta con licenza municipal de obras nº 149/2013.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal de data 29 de xaneiro de 2014, acorda acceder ó solicitado.

PUNTO 4.- LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licencia municipal promovida por D^a. M^a DEL CARMEN GONZÁLEZ CARABELOS (RE 5.621 de 16/10/2013) para a apertura dun local dedicado á actividade de RESTAURANTE 1 TENEDOR (EPIG. 671.5) situado na rúa de Donantes de Sangue, nº 26-baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, AA. PP e Xustiza, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a D^a. M^a DEL CARMEN GONZÁLEZ CARABELOS licencia municipal nº 1/2014 para a apertura dun local dedicado á actividade de RESTAURANTE 1 TENEDOR (Epíg. 671.5) situado na rúa De Donantes de Sangue, nº 26-baixo da Guarda.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licencia municipal promovida por D. RUBEN OTERO COSTA (RE 2.067 de 23.04.2013) para a apertura dun local dedicado á actividade de REPARACIÓN AUTOMÓBILES E BICICLETAS (EPIG. 691.2) situado na Carretera do Catro, nº 76-baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a D. RUBEN OTERO COSTA licencia municipal nº 2/2014 para a apertura dun local dedicado á actividade de REPARACIÓN AUTOMÓBILES E BICICLETAS (Epíg. 691.2) situado na Carretera do Castro, nº 76-baixo da Guarda.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licencia municipal promovida por D^a. NATALIA CASTRO LAMPARERO (RE 102 de 08/01/2014) para a apertura dun local dedicado á actividade de PERSOAL DOCENTE ENSINANZAS DIVERSAS (EPIG. 826) situado na rúa de Carretera de Pintán – Proba, nº 54.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a D^a. NATALIA CASTRO LAMPARERO licencia municipal nº 3/2014 para a apertura dun local dedicado á actividade de PERSOAL DOCENTE ENSINANZAS DIVERSAS (Epíg. 826) situado na rúa de Carretera de Pintán – Proba, nº 54 da Guarda.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licencia municipal promovida por D^a. SUEVIA DA SILVA ADROVER (RE 6.398 de 25/11/2013) para a apertura dun local dedicado á actividade de SERVIZO DE PERRUQUERIA DONAS E CABALEIROS (EPIG. 972.1) situado na rúa Calvario, nº 25 baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a D^a. SUEVIA DA SILVA ADROVER licencia municipal nº 4/2014 para a apertura dun local dedicado á actividade de SERVIZO DE PERRUQUERÍA DONAS E CABALEIROS (Epíg. 972.1) situado na rúa Calvario, nº 25-baixo.

PUNTO 5.- CAMBIO TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licencia municipal promovida por D. SERGIO RODRIGUEZ RODRIGUEZ (RE 5.116 de 19.09.2013), para o local dedicado a actividade de CAFÉ-BAR (EpiG. 673.2) sito na rúa de Regudíns, nº 4-baixo que antes figuraba a nome de FLORINDO RODRIGUEZ LOMBA.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a D. SERGIO RODRIGUEZ RODRIGUEZ cambio de titularidade na licencia municipal que antes figuraba a nome de FLORINDO RODRIGUEZ LOMBA para o local dedicado a actividade de CAFÉ-BAR (EpiG. 673.2) sito na rúa de Regudíns, nº 4-baixo de A Guarda.

PUNTO 6.- TRAMITACIÓN LICENCIA DE APERTURA

Dáse conta do expediente tramitado a instancia de D. JOSÉ MARIANO GARCIA MISA, R.E. Nº 6.245 DE DATA 15 DE NOVEMBRO DO 2013 no que solicita LICENCIA DE ACTIVIDADE PARA “CAFÉ-BAR ESPECIAL”, para o local sito na rúa de Ourense, nº 10-baixo deste término municipal, e

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite, cumpríndose os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos a actividade.

CONSIDERANDO: Que o emplazamento previsto é conforme co uso urbanístico, asignado a zona, respetándose as distancias e non existindo na zona actividades análogas que poidan producir efectos aditivos .

A Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA :

PRIMEIRO: Informar favorablemente a licencia de actividade solicitada por D. JOSE MARIANO GARCIA MISA PARA A ACTIVIDADE DE CAFÉ-BAR ESPECIAL no local sito na rúa de Ourense, nº 10 deste término municipal.

SEGUNDO : Dadas as características da actividade que se pretende, propoñense a adopción das medidas correctoras sinaladas no proxecto.

TERCEIRO: Dar traslado do expediente á Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Dáse conta do expediente tramitado a instancia de D^a. ROSALÍA GONZÁLEZ GRANJA, R.E. Nº 4.900 DE DATA 1 DE AGOSTO DO 2012 no que solicita LICENCIA DE ACTIVIDADE PARA "CAFÉ-BAR", para o local sito na rúa de Brasil, nº 6-baixo deste término municipal, e

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite, cumpríndose os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos a actividade.

CONSIDERANDO: Que o emplazamento previsto é conforme co uso urbanístico, asignado a zona, respetándose as distancias e non existindo na zona actividades análogas que poidan producir efectos aditivos .

A Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA :

PRIMEIRO: Informar favorablemente a licencia de actividade solicitada por D^a. ROSALÍA GONZÁLEZ GRANJA PARA A ACTIVIDADE DE CAFÉ-BAR no local sito na rúa de Brasil, nº 6-baixo deste término municipal.

SEGUNDO : Dadas as características da actividade que se pretende, propoñense a adopción das medidas correctoras sinaladas no proxecto.

TERCEIRO: Dar traslado do expediente á Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Sendo as trece horas e trinta minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.